



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO GASALLA, NOS CONCELLOS DE MESÍA E FRADES (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREEN CAPITAL POWER, SL (CLAVE: 2018/0037)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1 d) que os proxectos incluídos no apartado 2 do dito artigo serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei, que no seu grupo 4.g recolle os parques eólicos non incluídos no anexo I, agás aqueles destinados ao autoconsumo que non excedan os 100 kW. Este sería o caso da actuación pretendida, dado que non se atopa entre os supostos de parques eólicos do anexo I e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Non obstante, o promotor elaborou e presentou o estudo de impacto ambiental do proxecto, e o órgano substantivo remitiuno ao órgano ambiental solicitando a lista de organismos aos que debe pedir informe no trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria segundo o disposto no artigo 33.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Green Capital Power, SL e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico 24,255 MW de potencia total nos concellos da Mesía e Frades (A Coruña), composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, unha torre meteorolóxica e subestación eléctrica transformadora SET Gasalla 30/132 kV e centro de control) localizadas no polígono definido coas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N):





Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
P1	557.734,43	4.770.085,82
P2	557.734,43	4.772.565,82
P3	560.874,43	4.772.565,82
P4	560.874,43	4.770.805,82
P5	559.974,43	4.770.805,82
P6	559.974,43	4.770.085,82

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 7
- Modelo previsto: Siemens-Gamesa SG 3.4-132 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 3,465 MW.
- Potencia total instalada: 24,255 MW.
- Altura de buxa: 114 para 6 aerogeradores e 134 metros para o restante.
- Diámetro de rotor: 132 m
- Orzamento (execución material): 21.077.457,46 €.

En canto á evacuación da enerxía xerada no parque proxéctase que se efectúe a través dunha liña aérea de alta tensión (LAT) a 132 kV dende a subestación 30/132 kV do parque eólico Gasalla ata a subestación colectora Mesón 132/220 kV (tanto a LAT como a SE colectora Mesón son obxecto doutros proxectos), sendo o punto de conexión final a rede a SET Mesón do Vento 220 kV, propiedade de REE.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 26.10.2017 Green Capital Power, SL presentou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas (antiga denominación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) unha solicitude de autorización administrativa previa e de construción para o parque eólico Gasalla.

O 19.02.2018 o órgano substantivo, para continuar coa tramitación do procedemento de autorización administrativa previa e de construción do proxecto, remitiu unha solicitude para os efectos de obter do órgano ambiental a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe segundo o disposto no artigo 33.4 da antedita Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Achegando para iso, xunto coa solicitude do promotor, un ESI e un proxecto de execución ambos de decembro de 2017.

Da solicitude e documentación achegadas despréndese que o promotor prescinde do trámite de solicitude do documento de alcance que, con carácter potestativo, pode efectuar ao abeiro do apartado 2.a do artigo 33 da dita Lei 21/2013.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.





O 12.03.2018 a entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na dita tramitación da AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente ambiental que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

O 22.01.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remitiunos un novo oficio de consulta en relación cos organismos que deben emitir informe sobre o estudo de impacto ambiental modificado, e achega un EsIA actualizado de decembro 2019 que segundo informa presentou o promotor o 14.01.2020

O 21.02.2020 contestóuselle indicando que a relación de organismos e persoas interesadas para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, eran como mínimo os xa indicados no noso oficio do 12.03.2018 e que ademais, debía engadir á Dirección Xeral de Emerxencias e interior e á Dirección Xeral de Saúde Pública, indicándolle ademais unha serie de documentación a elaborar en relación coa consulta á efectuar a estes dous organismos.

Logo diso, mediante Acordo do 6 de setembro de 2022 (publicado no DOG núm. 177 do 16.09.2022), a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EsIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do parque eólico Gasalla, nos concellos de Mesía e Frades (A Coruña).

Así mesmo, en consonancia ao anterior, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas.

O 20.01.2023 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

Entre a documentación recibida atópase o EsIA titulado *Estudio de Impacto Ambiental referido al proyecto de ejecución Parque eólico Gasalla. Julio 2021. Última actualización: Junio 2022* (asdo. electronicamente o 21.06.2022) sometido a información pública e consultas, e tamén a *Adenda al Estudio de impacto ambiental Parque eólico Gasalla. Junio 2022. Enero 2023* que foi presentada polo promotor ante o órgano substantivo o 11.01.2023 como documentación complementaria.

O 19 de xaneiro de 2023, foi declarado de interese autonómico o proxecto de ampliación da Casa Grande de Xanceda, solicitado por Casa Grande de Xanceda, S.L. de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Dado que o proxecto deste parque eólico pode ter repercusións no recentemente declarado polo Consello da Xunta, proxecto de interese autonómico (PIA) da ampliación da Casa Grande de Xanceda, procede solicitar un informe á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Polo tanto, o 23.01.2023 o órgano ambiental solicita á antedita dirección xeral un informe complementario relativo ao proxecto, e nesa mesma data a dita dirección xeral achega un informe ao respecto.





2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, cabe destacar o contido do seguinte:
 - A Dirección Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias informa o 23.01.2023 en relación á posible afección do parque eólico Gasalla sobre a produción ecolóxica.

Comeza o seu informe argumentando a importancia das actividades da agricultura e gandaría na zona de implantación do parque eólico, especialmente a produción láctea. Neste senso, resalta a presenza das instalacións da Casa Grande de Xanceda, a unha distancia de aproximadamente 400 m da poligonal do parque eólico, estando catro dos seus aeroxeradores a menos de 2 km das ditas instalacións (concretamente, entre 1,32 km e 1,96 km). Refírese a que a Casa Grande de Xanceda é unha granxa en réxime de produción ecolóxica certificada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) desde o ano 2004, que conta cun terreo dunhas 200 ha e se dedica principalmente ás seguintes actividades: Actividade agropecuaria ecolóxica; Actividade de produción, transformación e comercialización de produtos lácteos; e Actividades turísticas, culturais e de formación.

Por outra banda, Casa Grande de Xanceda conta cun proxecto de ampliación que converterán ás súas instalacións no eixo ao redor do cal xirarán todas as innovacións dixitais, tecnolóxicas e produtivas do sector lácteo ecolóxico galego e cuxo impacto positivo na concienciación da cidadanía e mesmo dos produtores do sector primario permite o fomento da produción ecolóxica e da comercialización dos seus produtos. O proxecto de ampliación da Casa Grande de Xanceda foi declarado como de interese autonómico por acordo do Consello da Xunta do 19.01.2023, que acordou *Declarar o interese autonómico do proxecto de ampliación da Casa Grande de Xanceda, solicitado por Casa Grande de Xanceda, S.L. de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia pola influencia económica das súas actividades no sector agroalimentario ecolóxico galego*. Dende o punto de vista da actividade económica asociada ao sector primario na zona, a dirección xeral considera prioritario o desenvolvemento do proxecto recentemente declarado como de interese autonómico, que redunda no beneficio de todo o sector primario da comarca, e mesmo de toda Galicia. De acordo cos datos achegados pola Casa Grande Xanceda, é un dos maiores produtores lácteos ecolóxicos de España e o máis importante de Galicia.

A dirección xeral alude tamén ás propias actividades turísticas, culturais e de formación que se desenvolven nas súas instalacións e que tratan de explicar a importancia do medio rural, da produción ecolóxica, do benestar animal e a innovación e tecnoloxía no rural galego, e que contan cunha elevada afluencia. Indica que as actividades realizadas para protexer e fomentar a produción ecolóxica na Casa Grande de Xanceda están aliñadas coas actividades que as Administracións Públicas deben realizar.

Tendo en conta o anterior, considera que a implantación do parque eólico interferiría de forma negativa nas actuacións que Casa Grande de Xanceda desenvolve, xa que os resultados das actividades formativas e educativas en prol deste tipo de produción terán





maiores efectos positivos mantendo o hábitat nas condicións actuais, sen a presenza de elementos externos e absolutamente alleos á agricultura e gandaría.

Por outra banda, analiza a influencia do parque eólico no benestar daqueles animais das explotacións agrogandeiras da zona, especialmente a aquelas acollidas á produción ecolóxica, entre as que se atopa Casa Grande de Xanceda. Sinala o establecido no Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello e a documentación complementaria de interese que figura no expediente de tramitación no que se detallan os impactos ambientais en animais asociados á implantación de parques eólicos destacando que no informe indícase que o impacto ambiental provocado polos parques eólicos pode afectar ao nivel de tensión nos animais. Neste sentido, céntrase en catro alteracións producidas polos aeroxeradores: ruído de baixa frecuencia e parpadeo de sombras, infrasons (onda sonora inaudible para os humanos debido á súa frecuencia extremadamente baixa, pero si para outros animais), campos magnéticos de frecuencia extremadamente baixa e radiacións electromagnéticas de alta frecuencia. Sendo aplicación tanto a Casa Grande de Xanceda como as outras granxas que colaboran de forma coordinada con ela.

Así, considera que a implantación dun parque eólico na zona dunha explotación agrogandeira de produción ecolóxica podería afectar ao benestar animal e á maior protección que debe darse a estes métodos produtivos. Polo que sinala que para garantir o mantemento das condicións requiridas de benestar animal na produción ecolóxica das explotacións da zona, pero especialmente da Casa Grande de Xanceda pola súa magnitude e extraordinariedade debe evitarse calquera influencia que poida conducir a efectos prexudiciais en todas as etapas da vida dos animais, o que non pode ser garantido coa instalación do parque eólico a algo mais de 1 km de distancia.

Tendo en conta as consideracións anteriores, esta dirección xeral conclúe informando desfavorablemente sobre o proxecto pola súa repercusión negativa nas actividades propias de produción ecolóxica previstas no Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, en relación coa influencia nas actuacións de fomento e protección da produción ecolóxica que se desenvolven na zona e na necesidade de benestar animal que esixe a actividade gandeira e, máis rigorosamente, aquela acollida ao réxime de produción ecolóxica, xa que dito proxecto presentaría afeccións nas actuacións que promove Casa Grande de Xanceda, SL (ademais conta cun proxecto de ampliación das súas instalacións para o desenvolvemento das súas actividades relacionadas coa produción ecolóxica declarado como de interese autonómico pola influencia económica no sector agroalimentario ecolóxico galego).

- Respecto dos restantes informes incluídos no expediente remitido polo órgano substantivo, pódese indicar resumidamente o seguinte:
 - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe de data 20.01.2023 no que en primeiro lugar efectúa un resumo de antecedentes administrativos, un resumo do proxecto e analiza a documentación describindo o entorno, incluíndo os hábitats naturais protexidos que se identifican nas teselas que se localizan na zona de actuación, as especies do catálogo galego de especies ameazadas que coincidiría coa cuadrícula na que se sitúa o proxecto, e do indicado pódese destacar que o lugar atópase moi próximo ao espazo privado de interese natural (EPIN) Fragas e Brañas do Gaitero, regulado pola Orde do 19 de abril de 2022, no que se aproban as súas normas de xestión e de conservación.





Ademais, fai unha serie de observacións sobre o estudo de vexetación efectuado polo promotor no EslA, valorando que o efecto non é de elevada magnitude e é asumible polo medio, sobre as aves e quirópteros recollendo as campañas realizadas polo promotor e os resultados. Tamén inclúe un apartado de sinerxías no que sinala que o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles, e sobre o EPIN Fragas e Brañas Alto do Gaiteiro, do que di que dende o punto de vista de observación das rapaces, non dispón de información suficiente dos impactos do parque eólico sobre este espazo, e considera que a menos de 1 km do límite do EPIN os aeroxeradores poden xerar un impacto significativo sobre os valores que xustificaron a súa declaración.

Para finalizar, conclúe informado que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que emite informe favorable, supeditado ao cumprimento dunha serie de condicións, entre elas que non se instalen aeroxeradores a menos dun quilómetro do límite do EPIN Fragas e Brañas do Alto do Gaiteiro, a realización das gabias pola parte oposta do camiño no que se proxectan para evitar adentrarse no EPIN, e unha serie de medidas e condicionantes enfocados a evitar a afección aos hábitats, ás aves e os quirópteros, ás augas, en relación cos residuos e á restauración.

En resposta ao anterior o promotor presenta un escrito do 11.01.2023 ao que xunta un documento técnico titulado *Informe dos valores naturais presentes na zona afectada polo proxecto do parque eólico Gasalla*, de Outubro do 2022 e a Memoria para a proposta de declaración do espazo privado de interese natural Fragas e Brañas do Alto Gaiteiro.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un informe de data 20.01.2023 no que informa de xeito desfavorable as obras de acondicionamento do viario GA-Vial-04 que se proxectan dentro dos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos Mámoa das Medorras 1 (GA15038059), Mámoa das Medorras 2 (GA15038060) e Mámoa da Casa Grande (GA15047031) sinalando que son incompatibles coa protección e a conservación dos devanditos bens. Con respecto ao resto das infraestruturas do proxecto, informa favorablemente coas medidas protectoras e correctoras sobre o patrimonio cultural contempladas no estudo de impacto cultural (Anexo 11 do EslA), ás que engade unha serie de condicións e consideracións.

En resposta ao anterior o promotor presenta un escrito de data 20.01.2023 no que acepta o contido do informe e propón a modificación do vieiro GA – vial – 04 para eliminar e/ou diminuír as afeccións ao patrimonio cultural, desenvolvendo esta alternativa na addenda ambiental titulada *Adenda al "Estudio de impacto ambiental Parque eólico Gasalla. Junio 2022. Enero 2023"* e que presentou ante o órgano substantivo o 11.01.2023.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), emite informe con data 05.12.2022, no que tras resumir as principais características do proxecto e da paisaxe afectada, indica que o proxecto provocará unha intrusión visual consecuencia da súa alta visibilidade pola súa posición dominante no relevo, moi próxima a asentamentos poboacionais e nunha zona con alta densidade de parques eólicos xa en funcionamento.

Na súa avaliación das afeccións do proxecto, recolle que o parque incidirá sobre distintos elementos do Catálogo das paisaxes, como son o miradoiro de Monte Medela, o sendeiro PR-G 117 da Fraga dos Muíños, os LEIP (en particular, o LEIP Casa Grande de Xanceda), as AEIP, o Camiño de Santiago (Camiño do norte interior); e que a incidencia sobre os núcleos rurais será elevada pola existencia de distintos asentamentos situados a menos de 1 km. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación na contorna.





Consonte ao anterior, conclúe que o principal impacto será a incidencia visual producida polo aeroxeradores, que se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna, no entanto, non suporá un impacto crítico.

Finalmente, inclúe dúas indicacións en relación coas técnicas e materiais a empregar no edificio de control e co peche da parcela de subestación.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), no seu informe do 19.12.2022, avalía o posible impacto do proxecto sobre a saúde humana tendo en conta a caracterización da poboación en situación de risco, os potenciais perigos, as posibles vías de exposición, a avaliación da necesidade de medición da exposición e a avaliación da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto. Tras expoñer unha serie de consideracións referidas ao contido da documentación achegada polo promotor, informa como favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio da obra, dunha documentación e información en relación coa necesidade de establecer medidas naqueles receptores onde se supera o limiar recomendado para o caso real, e en relación coa xestión dos residuos e produtos perigosos.
- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con data do 22.09.2022, emite informe no que sinala que se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo e que as medidas de prevención incluídas son suficientes, todo elo sen prexuízo de que se o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.
- Augas de Galicia emite informe, con data do 15.12.2022, no que conclúe que, tras a análise da documentación aportada, no que respecta aos aspectos sobre os que se solicita informe, non é previsible que dito proxecto eólico poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no ESlA presentado e as consideracións a tal efecto referidas no devandito informe.

Aínda así, este organismo subliña "a necesidade de eliminar os vaos ou pasos de auga propostos para o cruce de camiños ou accesos, debendo executarse as obras de drenaxe transversal necesarias para que poidan ser autorizables" e "durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe".

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal emite informe dende o Servizo de Montes, con data do 05.12.2022, no que tras facer unha análise do estado forestal informa e conclúe que a instalación do parque eólico ocupará exclusivamente a montes privados de particulares, sen que resulten afectados montes públicos demaniais ou patrimoniais, montes veciñais en man común, nin masas consolidadas de frondosas autóctonas ou infraestruturas forestais relevantes.

Ademais, indícase que se deberá ter en conta distinta lexislación vinculante en materia forestal entre a que destaca o cumprimento das distancias de plantación, a delimitación das faixas de xestión de biomasa, e que durante a realización dos traballos se debe evitar a corta innecesaria de arboredo.





- A Dirección Xeral de Defensa do Monte, emite un informe, con data do 21.11.2022, no que tras detallar os antecedentes e unha serie de consideracións legais e técnicas sobre o expediente ambiental, informa, *"tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais...) favorablemente a realización do Parque Eólico Gasalla"*.
- A Axencia Turismo de Galicia emite informe, con data do 01.12.2022, no que se detallan os antecedentes do expediente, unha pequena descrición do proxecto e da contorna na que se localiza e, unha análise da posible incidencia do proxecto e as súas infraestruturas sobre os valores turísticos da zona, así como as medidas protectoras ou correctoras a adoptar para mitigar os posibles efectos adversos do mesmo.

Este organismo conclúe, en relación co potencial impacto turístico que podería ocasionar o parque eólico, que unha vez revisada a documentación, en xeral, *"o impacto sería de baixa magnitude, tanto na fase de obras como na fase de funcionamento"*.

Sínálase que os aeroxeradores se sitúan preto a varios puntos de interese turístico como a Casa Grande de Xanceda (Mesía), EPIN Fragas e Brañas do Alto do Gaiteiro, PR-G 117 Ruta da Fraga aos Muíños e Área Recreativa Ponte Carballa e a visibilidade do parque dende estes puntos será elevada. Tamén será visible, aínda que con menor incidencia, dende varios tramos do Camiño de Santiago-Camiño Inglés e Camiño de Santiago-Camiño do Norte.

Desta forma, este organismo realiza unha de consideracións e medidas para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona, entre estas, medidas para reducir a visibilidade dende os puntos sinalados no anterior parágrafo, que as obras se realicen no menor tempo posible (evitando coincidencia con festas e actividades socioculturais), a localización das instalacións auxiliares de obra e zonas de provisión, almacenamento e aparcamento se manteñan afastadas de elementos de interese turístico, se incorpore ao Plan de Vixilancia diferentes actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección das infraestruturas sobre o sector turístico entre outras.

- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural emite informe, con data do 21.10.2022, dende o Servizo de Infraestruturas Agrarias, informando favorablemente aínda que con certos condicionantes ás zonas de concentración parcelaria (ZCP) incluídas dentro da poligonal de delimitación do proxecto relativas á cartografía, á titularidade das fincas, ás canalizacións, á circulación de vehículos, aos camiños... Ademais anéxase un plano coa localización das ZCP afectadas polo proxecto.
- A Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático emite un informe sobre o Esla do parque eólico obxecto desta DIA en relación sobre o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras.

Neste informe indica que a distancia entre os aeroxeradores e o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras é superior aos 20 km, feito que, xunto coa solicitude das instalacións, fai que non se intercepte o feixe do radar. Tras determinar que estudos previos demostraron que, baixo estas condicións, o impacto do parque eólico á calidade dos datos procedentes do radar sexa marxinal, este organismo considera viable a instalación do parque.





Aínda así, indica que non se analizou con detalle nin a localización dos aeroxeradores nin a climatoloxía da zona, implicando que non se pode excluír que nun futuro poidan aparecer problemas non contemplados actualmente e, se isto ocorrese, poderíase solicitar á empresa promotora medidas compensatorias para reducir o impacto.

- Concello de Mesía emite un informe técnico asinado polo arquitecto técnico municipal, con data do 28.10.2022, referido a diferentes cuestións que non son obxecto do trámite ambiental (aspectos urbanísticos, Plan Sectorial Eólico, fragmentación do proxecto...) ademais de cuestións ambientais. Analiza as distintas alternativas do EsIA afirmando que a alternativa é a única viable, indica que a actuación non resulta compatible cos obxectivos que motivaron as concentracións parcelarias da zona, resalta afeccións sobre espazos naturais protexidos (rede natura e espazos naturais de interese local), afección paisaxística e impacto visual, efectos sinérxicos... conclúe considerando que o EsIA sometido a información pública se atopa incompleto tanto en documentación presentada como no contido e xustificación dos efectos ambientais.
 - A Subdirección Xeral de Residuos emite un escrito indicando que non vai emitir informe sobre proxectos de nova implantación, entre os que se atopa este, por entender que non está afectado pola normativa de residuos.
 - Para os devanditos informes constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou, de ser o caso, de resposta ao seu contido.
 - Doutra banda, non consta que o concello de Frades emitira informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo a solicitude de informe efectuada pola unidade tramitadora, quen considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a súa emisión, tamén nos remiten as solicitudes de informe á ADEGA, á Sociedade Galega de Historia Natural, á Federación Ecoloxista Galega e á Sociedade Galega de Ornitoloxía e á Casa Grande de Xanceda.
 - Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal considera que unha vez transcorrido o período de información pública procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.
- No tocante a alegacións, no expediente remitido polo órgano substantivo constan 551 alegacións (varias delas en nome propio xunto cunha relación de múltiples asinantes). Das alegacións recibidas 536 foron presentadas por particulares, 2 por concellos e 13 por asociacións, empresas e outras organizacións.





3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende do informe da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias sobre as repercusións negativas nas actividades propias da produción ecolóxica, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Gasalla nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

